

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22



AUDITORIO DE GALICIA


Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22



Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22



Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

Se cada ano organizar a temporada de abono da Real Filharmonía de Galicia e do Auditorio de Galicia supón un reto, despois dun ano cheo de incertezas, presentar o programa de concertos 2021/2022 constitúe un exercicio de fe por volver á esencia do proxecto, á nosa audiencia, aos nosos abonados.

A orquestra e o Auditorio foron nestes últimos tempos exemplo de constancia mantendo as súas programacións tanto presencialmente como en liña, deleitando ao seu público a pesar das adversidades, das limitacións, das distancias e demostrando que a cultura é un instrumento indispensable de cohesión.

Comeza esta nova tempada, na que volvemos á Sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia, e non podíamos quedar inmóbiles. Así, chega o momento de viaxar, física e emocionalmente, de iniciar unha travesía da man da Real Filharmonía de Galicia e o seu director titular Paul Daniel que nos levarán, desde as nosas butacas, a percorrer a xeografía mundial. Desde Australia a Finlandia pasando por París, Hamburgo, Praga, Bohemia ou cruzando o océano ata Latinoamérica; emprendendo con esta programación un camiño emocional que nos permite transitar a través da rebeldía, da

fantasía, do feminismo, do amor, da ecoloxía e, sobre todo, cara a nós mesmos.

Xunto a Paul Daniel, varias directoras dirixirán a Real Filharmonía de Galicia, rompendo o teito de cristal dun espazo tradicionalmente masculino. Ademais da nosa directora invitada, Joana Carneiro, contaremos coa presenza de Simone Menezes, Corinna Niemeyer, Jessica Cottis ou Delyana Lazarova. Volven visitarnos vellos coñecidos como o director e violoncellista Nicolas Altstaedt, Enrico Onofri e Manuel Hernández-Silva, mentres que Roberto Forés-Veses e Marc-Leroy Calatayud debutarán ante a orquestra nesta tempada.

Como nestes últimos anos, a programación de abono incluírá unha nova edición do Ciclo de Piano Ángel Brage no que a orquestra traballará con Javier Perianes e Lars Vogt, ambos na súa dobre condición de directores e pianistas; e con Josu de Solaun ou Gabriela Montero como solistas baixo as batutas de Paul Daniel e Joana Carneiro. A pianista Judith Jáuregui completará o ciclo co recital 'Alma romántica'.

Solistas de renome internacional como a mezzosoprano Sarah Connolly, a soprano Francesca Aspromonte, o bandoneísta Claudio

Constantini, o trompetista galego Esteban Batallán -que estreará unha obra propia-, o violinista Robert Lakatos ou o percusionista Martin Grubinger serán os intérpretes do repertorio de Vivaldi, Haydn, Schumann, Wieniawski ou Piazzolla.

Mais a Real Filharmonía de Galicia non esquece a creación contemporánea e nos vindeiros meses estreará as obras encargadas, co gallo do Ano Santo 21/22, aos compositores galegos Juan Durán, Octavio Vázquez e Fernando Buide. Este último presentará *A sombra de Cristal*, unha ópera con texto e dirección escénica de Quico Cadaval que compartirá escenario con *La Serva Padrona* de Pergolesi. A orquestra, ademais, interpretará por primeira vez en España obras de Dobrinka Tabakova, Arven Dorman e Peter Sculthorpe.

Como novidade, o programa de abono 2021/22 acolle o Ciclo de Lied que, coa inestimable colaboración da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago, contará coa participación de voces tan destacadas como Catherine Trottmann, Ana Nebot e Marina Rodríguez-Cusí na homenaxe a Pauline Viardot e Christiane Karg nun monográfico sobre Mahler.

Unha temporada máis, encontrámonos ante un proxecto feminino, diverso, contemporáneo que non sería posible sen a colaboración da Deputación da Coruña, o Xacobeo 21-22 e a Asociación de Amigos da Ópera de Santiago, aos que agradecemos o seu valioso esforzo.

Non quero deixar pasar a ocasión para manifestar o meu recoñecemento a todas e todos os que fixeron posible que as actividades culturais tan necesarias, esenciais para a nosa sociedade, se mantiveran no último ano a pesar das dificultades. Traballando continuamente para adaptar formatos, normativas e protocolos cun único obxectivo, que a cidadanía puidese seguir participando da actividade cultural.

Agardámoslos, agardámolas para gozar dunha gran programación pensada para público tan heteroxéneo como a oferta de calidade que temos por diante.

Acompáñennos nesta intensa viaxe!

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Viaxes: a vida é unha viaxe e a música acompañanos neste camiño. No último ano e medio, viaxar libremente, física e mentalmente, foi realmente complicado. Por iso, a Real Filharmonía, tocou para todos vostedes, no noso Auditorio, retransmitindo en liña todos os concertos: a forza liberadora da música nunca foi máis importante. Agora, prepárense para a nosa nova temporada! Convidámoslos a acompañarnos para vivir novas aventuras.

Vaiamos a “Chegadas”, a nova música que recibirá a nova temporada. As primeiras notas serán as da estrea absoluta do novo ballet *Hildegart*, escrito para nós por Juan Durán. Hildegart Rodríguez Carballeira, a extraordinaria muller que apenas alcanzou a idade adulta antes da súa trágica morte. A súa curta vida é o tema do ballet, e quixen programar esta obra coa historia de fadas doutra moza en busca da felicidade, no ballet *Cincenta* de Prokófiev. As dúas realizan viaxes propias pero con resultados moi diferentes. É un comezo de temporada verdadeiramente emocionante!

Outra nova chegada, outra estrea absoluta, vén da man do trompetista Esteban Batallán, que viaxa á súa terra, Galicia, desde o seu posto de trompeta principal na Orquestra Sinfónica de Chicago, para presentar a súa flamante composición *Nightfall*, xunto co concerto de trompeta de Haydn. Un mes despois, estreamos a nova ópera cómica de Fernando Buide, *A sombra de Cristal*, con libreto e dirección escénica de Quico Cadaval, que compartirá programa con *La Serva Padrona* de Pergolesi. Un proxecto feito en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago. Pero aínda hai moito máis! Joam Trillo completou o seu arranxo para a RFG da Sétima Sinfonía de Mahler, cuxa estrea será en febreiro. E non podíamos rematar esta viaxeira temporada sen outra primicia, presentando o primeiro movemento da triloxía ‘Ilusións’ de Octavio Vázquez. Estamos convencidos de que a creación contemporánea, a nova música, engade profundas capas á grande tradición da orquestra; por iso, e grazas ao apoio do Xacobeo 21/22, apostamos por ela máis ca nunca nesta nova temporada.



Moitas das pezas que escollín para a temporada representan o noso lema, *Viaxes*. Así, teremos unha peregrinación, a do curioso e pillabán camiñante do cine de Charles Chaplin e tamén viaxaremos ata a illa de Naxos, coa música de Strauss, que nos conta a historia de Ariadna. Acompañennos polas cidades do mundo: á Viena de Mozart e Schubert, á Venecia de Vivaldi, á Praga de Martinu e Dvorák ou

ao París que acolleu a Mozart e Haydn... onde tamén atoparemos a Jacques Ibert nun restaurante no Bois de Boulogne. Javier Perianes dirixirá e tocará concertos da Austria de Mozart e Beethoven, e a directora italo-brasileira Simone Menezes chega por primeira á vez á RFG cun marabilloso programa inspirado no Amazonas, con música de Philip Glass e a raramente escoitada *Floresta do Amazonas*, de Villa-Lobos.

A directora búlgara Delyana Lazarova levaranos ao seu país natal con música de Dobrinka Tabakova (por suposto, estrea en España!); outra presentación española, da compositora francesa Paule Maurice, será dirixida pola debutante Corinna Niemeyer; tamén dirixirán por primeira vez o franco-boliviano Marc-Léroy Calatayud e o valenciano Roberto Forés-Veses. Moitas novidades! É unha temporada chea de novos talentos para a nosa orquestra.

Os nosos benqueridos amigos, directores e solistas, están encantados de voltar para acompañarnos na nosa viaxe. O marabilloso violoncellista Nicolas Altstaedt dirixirá e interpretará a Schumann; e o grandísimo pianista Lars Vogt dirixirá Schumann arraxado por Robin Holloway e tocará o inmortal concerto de Beethoven, ‘Emperador’. Enrico Onofri lévanos a Italia co seu programa Vivaldi-Boccherini e Manuel Hernández-Silva convidanos a visitar Rusia

co violinista Robert Lakatos e unha sinfonía poucas veces escoitada de Kalinnikov. A australiana Jessica Cottis lévanos á súa terra natal coa música de Peter Sculthorpe e logo ao extremo oposto do globo terráqueo, coa Segunda Sinfonía de Sibelius.

Hai moitos compositores “en movemento”: poderemos ver a Mozart correndo por Europa intentando atopar un traballo, mentres está ocupado escribindo o concerto para piano “Jeunehomme”; ou a Weber, sempre xirando por Europa, parando en Múnic, onde atopa un enorme éxito cos seus concertos de clarinete, un dos cales interpretará a nosa clarinetista Beatriz López. Estará tamén Poulenc, viaxando a Londres coa súa nova *Sinfonietta*, ou Prokófiev viaxando a París para presentar o seu novo segundo concerto para piano, que a RFG tocará co fabuloso pianista Josu de Solaun. A compositora croata Dora Pejačević tivo que viaxar a Alemaña e Viena para que se

interpretase a súa música, que chegará a Galicia en novembro. E en canto ás viaxes en tren, os paseos, os mariñeiros nos seus barcos e as abellas voadoras... todos eles estarán en xaneiro no tradicional Concerto de Reis, no que contaremos coa presenza do bandeonista Claudio Constantini.

Os nosos dous directores residentes teñen programas fermosísimos nesta temporada. Deste xeito, Joana Carneiro, a nosa queridísima directora convidada, proponnos unha viaxe a Latinoamérica (que coincide co Congreso Musicólogos Latinoamericanos que terá lugar en outubro en Santiago) con Dame Sarah Connolly cantando cancións de Neruda; e tamén dirixirá un programa que nos leva aos Andes, que contará coa pianista venezolana Gabriela Montero, tocando o concerto de piano de Clara Schumann. O noso director asociado Maximino Zumalave dirixirá a inmortal sinfonía Xúpiter de Mozart e acompañará ao contratenor

galego Christian Gil Borrelli. Escoitaremos tamén as voces de María Hinojosa e César San Martín na nova ópera de Buide; Francesca Aspromonte traerá Venecia a Santiago co seu Vivaldi e Camila Titinger ilustrará a música de Villa-Lobos.

Todos a bordo para os 24 concertos da próxima temporada! Estamos moi orgullosos de que 15 deses programas se escoiten nas vilas de toda Galicia. Espero que concorden en que a nosa nova programación é realmente liberadora e apaixonante: novas expedicións, novas aventuras... Coa música pódese viaxar polo mundo sen saír da casa!

Paul Daniel
Director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia

PROGRAMA

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

Outubro 2021

15 €

Outubro 2021

18 €

VIAXEIRAS REBELDES

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

J. Durán: Hildegart (Ballet)*

S. Prokófiev (arr. D. Griffith): Cincenta
(Ballet-selección)

*Estrea absoluta. Encargo RFG

Xov 7 out

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 8 out

Auditorio de Ferrol, 20:30 h

DESTINO: LATINOAMÉRICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

Sarah Connolly, mezzosoprano

C. Chávez: Discovery

P. Lieberon: 5 Neruda Songs

A. Copland: Three Latin-American Sketches

Xov 14 out

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Joana Carneiro

Sala Mozart, 19:45 h

Outubro 2021

18 €

Outubro 2021

12 €

SCHUBERTIADA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Delyana Lazarova, directora

Beatriz López, clarinete

W. A. Mozart: Abertura de *Cossí fan tutte*,
KV. 588

D. Tabakova: Fantasía homenaxe a Schubert*

C. M. v. Weber: Concerto para clarinete nº
2 en Mi bemol maior, op. 74

F. Schubert: Sinfonía nº 5 en Si bemol
maior, D. 485

*Estrea en España

Xov 21 out

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Ven 22 out

Teatro Principal de Ourense, 20:00 h

OS CAMIÑOS DO AMOR

CICLO DE LIED

Catherine Trottmann, soprano

Maciej Pikulski, piano

M. Ravel: Cinq mélodies populaires grecques

M. Ravel: Vocalise en forme de habanera

L. Delibes: Les filles de Cadix

C. Debussy: Ariettes Oubliées (extractos)

C. Debussy: Mandoline

C. Debussy: L'année en vain (Récit et Air
de Lia, de O fillo pródigo)

E. Chausson: Le colibri

E. Chausson: Chanson perpétuelle

F. Poulenc: Banalités (extractos)

F. Poulenc: Les chemins de l'amour

En colaboración coa Asociación de Amigos
da Ópera de Santiago

Xov 28 out

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Arturo Reverter

Sala Mozart, 19:45 h

Novembro 2021

18 €

MÚSICOS ERRANTES

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Marc-Leroy Calatayud, director

Esteban Batallán, trompeta

R. Strauss: Ariadna en Naxos:

Abertura e Danza

F. J. Haydn: Concerto de trompeta

en Mi bemol maior, Hob.VIIe

E. Batallán: Nightfall*

R. Strauss: Intermezzo, TrV 246, op. 72:

Catro interludios sinfónicos, TrV 246a

*Estrea absoluta

Mér 3 nov

Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Xov 4 nov

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Marc-Leroy Calatayud e Esteban Batallán

Sala Mozart, 19:45 h

Novembro 2021

15 €

O PEREGRINO

CINEUROPA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Timothy Brock, director

The Pilgrim (1923) de Charles Chaplin

Música composta por C. Chaplin en 1959

e restaurada por T. Brock en 2002

Xov 18 nov

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Novembro 2021

18 €

EN TRÁNSITO

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Josu de Solaun, piano

D. Pejačević: Abertura, op. 49*

F. Poulenc: Sinfonietta, FP 141

S. Prokófiev: Concerto para piano

núm. 2 en sol menor, op. 16

*Estrea en España

Mér 24 nov

Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Xov 25 nov

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Decembro 2021

12 €

HOMENAXE A PAULINE VIARDOT

CICLO DE LIED

Ana Nebot, soprano

Marina Rodríguez-Cusí, mezzosoprano

P. Viardot:

Bonjour mon coeur!

Solitude

Évocation

Hai Luli!

Fleur desséchée

Madrid

L'absence

Chanson de Loïc

La villanelle

Habanera

F. Chopin:

Nocturno núm 20 en do

sostido menor, Op. Posthum

P. Viardot/F. Chopin:

Mazurkas, op. 50

Mazurkas, op. 68

Mazurkas, op. 24 (La séparation)

Mazurkas, op. 67 (La Beauté)

J. Brahms:

Intermezzo

P. Viardot/J. Brahms:

Les cavaliers

Les Bohémiens

J. Brahms:

Klosterfräulein

Die Meere

Am Strande

Die Schwestern

En colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago

Ven 3 dec

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Arturo Reverter

Sala Mozart, 19:45 h

Decembro 2021

20 €

A SOMBRA DE CRISTAL

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

María Hinojosa, soprano

César San Martín, barítono

Quico Cadaval, texto e director de escena

Fernando Buide, música

G. B. Pergolesi: La Serva Padrona

F. Buide: A sombra de Cristal*

*Estrea absoluta. Encargo RFG



En co-produción coa Asociación
de Amigos da Ópera de Santiago.

En co-produción co Centro Dramático Galego



Xacobeo 21-22



Xov 9 dec

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Quico Cadaval & Fernando Buide

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 10 dec

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Quico Cadaval & Fernando Buide

Sala Mozart, 19:45 h

Decembro 2021

18 €

DESDE O OLIMPO

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Maximino Zumalave, director

Christian Gil- Borrelli, contratenor*

L. v. Beethoven: Abertura Egmont

G.F. Händel: Cara sposa, amante cara

(da ópera Rinaldo HWV 7)

C.W. Gluck: Che farò senza Euridice

(da ópera Orfeo ed Euridice)

W. A. Mozart: Cara, lontano ancora

(da ópera Ascanio in Alba K111)

W. A. Mozart: Sinfonía núm. 41 en Do maior,

KV. 551 "Xúpiter"

Xov 16 dec

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Maximino Zumalave

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 17 dec

Círculo das Artes de Lugo, 20:00 h

*Gañador do Concurso de canto da Asociación
de Amigos da Ópera de Santiago 2020

Xaneiro 2022

18 €

CONCERTO DE REIS

TREN, BARCO, AVIÓN E OUTROS
MEDIOS DE LOCOMOCIÓN

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Claudio Constantini, bandoneón

E. Strauss: Bahn Frei!

N. Rimsky-Korsakov: O conto do Zar sultán:

O voo do moscardón

J. Ibert: Suite Sinfónica: Lle Metro/Le

Pacquebot/Parade

S. Revueltas: Música para charlar

A. Piazzolla: Aconcagua para bandoneón

e orquestra

E. Strauss: Con vapor!, op. 70

B. Strayhorn/H. Warren (arr. I. Farrington):

Take the A Train/Chatanooga ChooChoo

I. Farrington: The sailor's hornpipe:

A Shipshape Shindig

G. Gershwin (arr. S. Berkowitz):

Promenade Walking the Dog

G. Gershwin (arr. I. Farrington): Wing it

(variacións sobre I Got Rhythm)

Mér 5 xan

Auditorio de Galicia, 21:30 h

Xaneiro 2022

18 €

PEREGRINACIÓN NOS ANDES

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

Gabriela Montero, piano

G. L. Frank: Lendas: An Andean Walkabout

G. Fauré: Suite de Pelleas e Melisande, op. 80

C. Schumann: Concerto para piano en la
menor, op. 7

Mér 19 xan

Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Xov 20 xan

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Joana Carneiro

Sala Mozart, 19:45 h

Febreiro 2022

18 € Febreiro 2022

18 €

ARREDOR DO PIANO

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Lars Vogt, director e piano

R. Schumann (orq. C. Debussy / R. Holloway):

Seis estudos canónicos, op. 56*

L. v. Beethoven: Concerto para piano

núm. 5 en Mi bemol menor, op. 73

"Emperador"

*Estrea deste arranxo en España

Xov 3 feb

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Ven 4 feb

Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

POSTAL DESDE VENECIA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Enrico Onofri, director

Francesca Aspromonte, soprano

A. Vivaldi: Concerto Per Parigi en

Do menor RV114

A. Vivaldi: *Laudate Pueri*, RV600

L. Boccherini: Sinfonía núm. 26 en

Do menor, G519

Xov 10 feb

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Enrico Onofri

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 11 feb

Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Febreiro 2022

15 €

Febreiro 2022

12 €

VIAXE INTERIOR

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

G. Mahler: Sinfonía núm. 7 en mi menor

(orq. J. Trillo)*

* Encargo da RFG

Xov 24 feb

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel e Joam Trillo

Sala Mozart, 19:45 h

INFINITA TENRURA

CICLO DE LIED

Christiane Karg, soprano

Gerold Huber, piano

G. Mahler: Frühlingsmorgen

Erinnerung

Hans und Grete

Ich ging mit Lust

Nicht wiedersehen

Blicke mir nicht in die Lieder

Ich atmete einen linden Duft

Um Mitternacht

Liebst Du um Schönheit

Ich bin der Welt abhanden
gekommen

Rheinlegendchen

Verlorne Mühe

Wer hat dies Liedlein erdacht

Ablösung im Sommer

Wo die schönen Trompeten
blasen

Antonius Fischpredigt

Irdisches Leben

Himmlisches Leben

En colaboración coa Asociación de Amigos
da Ópera de Santiago

Ven 25 feb

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Arturo Reverter

Sala Mozart, 19:45 h

Marzo 2022

15 €

ALMA ROMÁNTICA

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

Judith Jáuregui, piano

- R. Schumann: Andantino de Clara Wieck
Arabesque en Do maior, op. 18
- J. Brahms: Seis pezas para piano, op. 118
- C. Schumann: Variacións en Fa sostido sobre
un tema de Robert Schumann,
op. 20
- F. Chopin: Balada núm. 1 en sol menor,
op. 23
Andante Spianato et Grande
Polonaise brillante, op. 22

Mér 2 mar

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Marzo 2022

15 €

PRAGA-BOHEMIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Roberto Forés-Veses, director

- W. A. Mozart: Abertura Don Giovanni, K527
- B. Martinu: La Bagarre, H. 155
- A. Dvorák: Sinfonía núm. 7 en re menor,
op. 70, B. 141

Xov 10 mar

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Roberto Forés-Veses
Sala Mozart, 19:45 h

Marzo 2022

18 €

DESDE RUSIA CON AMOR

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Manuel Hernández-Silva, director

Robert Lakatos, violín

- M. Glinka: Abertura "Unha vida polo Zar"
- H. Wieniawski: Concerto para violín núm. 1
en fa sostido menor, op. 14
- V. Kalinnikov: Sinfonía núm. 1 en sol menor

Mér 16 mar

Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Xov 17 mar

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Manuel Hernández-Silva
Sala Mozart, 19:45 h

Marzo 2022

15 €

FEITO EN HAMBURGO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

- C. P. E. Bach: Sinfonía en Do maior,
H 659 (W. 182/3) "Hamburgo"
- J. Brahms: Sinfonía núm. 2 en Re maior,
op. 73

Xov 24 mar

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel
Sala Mozart, 19:45 h

Ven 25 mar

Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Marzo / abril 2022

15 €

PRIMAVERA XERMÁNICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Nicolas Altstaedt, director e violoncello

R. Schumann: Concerto para violoncello
en la menor, op. 129

R. Schumann: Sinfonía núm. 1 en Si
bemol maior, op. 38 "Primavera"

Xov 31 mar

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Nicolas Altstaedt

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 1 abr

Círculo das Artes de Lugo, 20:00 h

Abril 2022

15 €

PARÍS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Corinna Niemeyer, directora

Xabier Casal, saxo

W. A. Mozart: Sinfonía núm. 31 en Re maior,
KV. 297 (300a) "París"

P. Maurice: Tableaux de Provence para saxo
alto e orquestra

J. Ibert: Suite Sinfónica: Restaurant au Bois
de Boulogne

F. J. Haydn: Sinfonía núm. 86 en Re maior "París"

Xov 7 abr

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Ven 8 abr

Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Abril 2022

18 €

UN MUNDO EN MOVIMIENTO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Martin Grubinger, percusión

A. Dorman: Frozen in time

C. Nielsen: Sinfonía núm. 4 "O inextinguible",
op. 29, FS 76

Xov 21 abr

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Abril 2022

15 €

AUSTRIA: IDA E VOLTA

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Javier Perianes, director e piano

W. A. Mozart: Concerto para piano núm. 9
en Mi bemol maior, KV. 271 "Jeunehomme"

L. v. Beethoven: Concerto para piano núm. 3
en do menor, op. 37

Xov 28 abr

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Maio 2022

15 €

DO SUR AO NORTE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jessica Cottis, directora

P. Sculthorpe: Earth Cry

J. Sibelius: Sinfonía núm. 2 en

Re maior, op. 43

Xov 5 mai

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Ven 6 mai

Centro Cultura Afundación Pontevedra,
20:30 h

Maio 2022

18 €

AMAZONIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Simone Menezes, directora

Camila Titinger, soprano

H. Villa-Lobos: Bachianas brasileiras

nº 4, Preludio

P. Glass: Aguas da Amazonia

(orq. Coleman): Metamorfose 1

H. Villa-Lobos: Suite de Floresta do Amazonas

(selección Simone Menezes)

Xov 12 mai

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Simone Menezes

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 13 mai

Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Maio 2022

15 €

UNHA VIAXE FANTÁSTICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

O. Vázquez: Ilusións (Māyā), da triloxía

Sattva*

H. Berlioz: Sinfonía Fantástica, op. 14:

Épisode de la vie d'un Artiste

*Estrea absoluta. Encargo RFG

Xov 19 mai

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel e Octavio Vázquez

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 20 mai

Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Concertos didácticos

Xaneiro 2022

UNHA AVENTURA...

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Pablo Devigo, director

Xov 27

Auditorio de Galicia, 11:00 h

Ven 28

Auditorio de Galicia, 11:00 h

Sáb 29

Auditorio de Galicia, 18:30 h

Febreiro 2022

O GRANDE BEETHOVEN

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jan Wierzba, director

Serviço Educativo da Casa da
Música do Porto

*Encargo especial da Real Filharmonía
de Galicia ao Serviço Educativo da Casa
da Música (Porto) polo 250 aniversario do
nacemento de L. v. Beethoven

Mér 16

Auditorio de Galicia, 11:00 h

Xov 17

Auditorio de Galicia, 11:00 h

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

Condições aplicables aos abonos da programación estable 2021/2022

Dado o carácter excepcional da situación sanitaria que estamos a vivir as condicións dos abonos de temporada da RFG esixen que se realicen adaptacións en cumprimento das medidas de seguridade implantadas para a realización das actividades culturais.

VALIDEZ DO ABONO

Os abonos serán trimestrais e válidos para as actividades indicadas nesta publicación.

LOCALIDADES

A persoa abonada recibirá as localidades co número de fila e butaca, que será o mesmo durante todo o período de abono. A tarxeta de abonado/a conterá as entradas para todo o período de abono mercado. Poderase reutilizar a tarxeta de temporadas pasadas. Unha vez retirada a tarxeta a persoa farase responsable dela. Para os abonos individuais o Auditorio entregará un duplicado de tarxeta en caso xustificado de perda, deterioro, roubo ou destrución.

UTILIZACIÓN

A persoa abonada que non faga uso do abono, nalgún ou todos os concertos, non terá dereito a ningún reintegro económico.

A tarxeta de abono que dá acceso aos concertos estará identificada nominalmente, pero isto non impide que sexa transferible a outras persoas. No caso de que o/a abonado/a non poida asistir ao concerto, poderá asistir outra persoa no seu lugar coa súa tarxeta de abonado/a. Para o efectivo control de entrada e para ser responsables da trazabilidade dos asistentes, en caso de que o/a abonado/a ceda a súa tarxeta deberá comunicar ao Auditorio de Galicia o nome e datos de contacto da persoa que asistiu no seu lugar.

ORGANIZACIÓN

O/a abonado non terá dereito a escoller fila e butaca, estas serán asignadas para preservar as medidas de seguridade no recinto. A asignación das butacas intentará manter a situación en anos anteriores.

A reserva de butacas para o aforo completo manterase ata que as restricións provocadas pola COVID-19 rematen.

Se por razóns de organización houberse que programar un dos concertos de abono mediante aforo non numerado, a persoa abonada, aínda que estea en posesión das súas localidades numeradas, deberá atermos ás butacas dispoñibles no momento de acceder á sala, sen ningún dereito a esixir filas ou butacas ocupadas.

ALTERACIÓNS

O Auditorio de Galicia resérvase o dereito de alterar o día, hora e lugar dos concertos, substituír a algún artista ou formación musical, así como cancelar calquera dos concertos programados.

MÉTODO DE PAGO

Mediante pago por transferencia bancaria ou tarxeta Visa ou Mastercard.

DESCONTOS E PREZOS ESPECIAIS

Descontos habituais do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas. Descontos non acumulables. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

RENOVACIÓN DE ABONOS

Entre o día 20 e 24 de setembro, o Auditorio de Galicia contactará con cada abonado/a para ver a súa dispoñibilidade para renovar o abono. Unha vez asignadas as butacas seguindo os protocolos de seguridade, o Auditorio de Galicia asignará unha cita previa a cada abonado/a para formalizar o pago e recoller a información.

NOVOS ABONOS

En función da capacidade, unha vez renovados os abonos persoais, o Auditorio de Galicia, poderá abrir unha quenda de venda de novos abonos.

MODALIDADE DE ABONOS

O abono terá unha duración trimestral, non existirá neste ano o abono anual dada a incerteza da situación actual. Aplicarase o 25% de desconto a todos o abonos.

O cálculo do prezo do abono realízase aplicando o desconto do 25% sobre a suma dos prezos das entradas xerais de todos os concertos de temporada. Para o cálculo do prezo por trimestre, calcúlase o prezo por concerto con desconto, dividindo o prezo do abono anual entre o número de concertos, e aplícase ao número de concertos correspondentes en cada trimestre.

ABONO PRIMEIRO TRIMESTRE

Outubro - decembro 2021

10 Concertos

25% desconto: 123,00 €

Abono especial: 82,00 €

ABONO SEGUNDO TRIMESTRE

Xaneiro - marzo 2022

11 Concertos

25% desconto: 132,75 €

Abono especial: 88,50 €

ABONO TERCEIRO TRIMESTRE

Abril - maio 2022

6 Concertos

25% desconto: 72,00 €

Abono especial: 48,00 €

(1): Abono Especial para estudantes e xubilados co 50% de desconto.

VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada: Preferentemente deberán mercarse as entradas en compostelacultura.gal

Na Zona C. Punto de información cultural (Preguntoiro, 1. Praza de Cervantes). De martes a sábado de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h e domingo de 11.00 a 14.00 h.

No despacho de billetes do Auditorio de Galicia só os días do concerto de 19.30 a 20.30 h.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

CRÉDITOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

DIRECTOR ARTÍSTICO E TITULAR
Paul Daniel

DIRECTORA CONVIDADA
Joana Carneiro

DIRECTOR ASOCIADO
Maximino Zumalave

FRAUTAS
Laurent Blaitave
Luis Soto

ÓBOES
Christina Dominik
Esther Viúdez

CLARINETES
Beatriz López
Vicente López

FAGOTS
Juan Carlos Otero
Manuel Veiga

TROMPAS
Jordi Ortega
Alfredo Varela
Xavier Ramón

TROMPETAS
Javier Simó
Ramón LLátser

TIMBAL
José Vicente Faus

VIOLÍNS I
James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino

Anca Smeu, copríncipal
Ildikó Oltai
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Claudio Guridi
Victoria Jurov
Daniel Kordubaylo
Yulia Petrushevskaya
Michal Ryczel

VIOLÍNS II
Grigori Nedobora
Nikolay Velikov
Samira Ajkic
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Helena Sengelow
Elina Viksne
Gyula Vadaszi

VIOLAS
Tilman Kircher
Natalia Madison
Oxana Bakulina
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS
Plamen Velev
Barbara Switalska
Millán Abeledo
Carlos García
Thomas Piel
Ailsa Lewin

CONTRABAIXOS
Carlos Méndez
Alfonso Morán
Oriol Xicart

EQUIPO TÉCNICO DA RFG

DIRECTORA TÉCNICA
Sabela García Fonte

COORDINADORA DE ACTIVIDADES
Marilyn González Domínguez

PRODUCCIÓN
Esther Calvo Vázquez

ADMINISTRACIÓN
Aurora Díaz Varela

ARQUIVEIRA
María del Carmen Lorenzo Vizcaino

UTILLERO
Francisco Fernández

CONSORCIO DE SANTIAGO

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN
Presidencia
Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Vicepresidencias
María del Pilar Paneque Sosa
Subsecretaría do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Román Rodríguez González
Concelleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia

Vogalías
Jesús Manuel Gómez García
Subsecretario de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana

Andrea Gavela Llopis
Subsecretaría do Ministerio de Cultura e Deporte

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia

Valeriano Martínez García
Concelleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia

Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela

Marta Irene Lois González
Concelleira do Concello de Santiago de Compostela

Secretaría
José Ramón Alonso Fernández
Secretario do Concello e secretario do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Teñen dereito de asistencia con voz e sen voto
Belén Hernández Lafuente
Xerente do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Juan Ramón González Carnero
Interventor do Concello e do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Asiste por invitación da presidencia:
Goretti Sanmartín Rei
Concelleira do Concello de Santiago de Compostela

COMISIÓN EXECUTIVA

Presidencia
Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Vogalías
D. Juan Ángel Esteban Paul
Inspector xeral do Ministerio de Facenda e Función Pública

Anxo Manuel Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Políticas Culturais da Xunta de Galicia

Secretaría
José Ramón Alonso Fernández
Secretario do Concello e secretario do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Teñen dereito de asistencia, con voz e sen voto:
Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela

Juan Ramón González Carnero
Interventor do Concello e do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Belén Hernández Lafuente
Xerente do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Marta Irene Lois González
Concelleira do Concello de Santiago de Compostela

Asiste por invitación da presidencia:
Goretti Sanmartín Rei
Concelleira do Concello de Santiago de Compostela

UNIDADE ADMINISTRATIVA

Laura Castro Caamaño
Emilia Díaz Varela
Elisa González Rosendo
Jorge Sampayo Salgueiro
Mercedes Suárez Louzao
Begoña Vázquez Rodríguez

AUDITORIO DE GALICIA

CONSELLO REITOR
Presidente
Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Vogais
José Antonio Constenla Ramos
Branca Novoneyra
Mercedes Rosón Ferreiro
Goretti Sanmartín Rei

Secretario
José Ramón Alonso Fernández

Interventor
Juan Ramón González Carnero

Director-Xerente
Xaquín López González

Persoal
David Areán Rivas
Chus Busto Castiñeiras
Santiago Cabrera Fontenla
Rogelio Fernández García
Antonio Liñares Fernández
Míriam Louzao Fernández
Carlos Marcote Antelo
José Mayo Suárez
Carlos Millán Calenti
Silvia Modia Ferreiro
Ángeles Otero Cabanas
Ana Parga Salgado
Ángela Pereira Costa
Javier Rodríguez Sanmartín
José Rodríguez Sanmartín
Antonio Vieites Balsa

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22



VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 462 (Zona C)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)

[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)



[@rfgalicia](https://twitter.com/rfgalicia)

[@CCultura](https://twitter.com/CCultura)

